

Edición e historia da lingua: Sobre a representación da nasalidade no trobadorismo profano galego-portugués e as formas *irmana* e afíns*

Manuel Ferreiro. Universidade da Coruña

É feito asentado que no romance galego-portugués se produciu un fenómeno evolutivo desde o latín que individualiza foneticamente o territorio hispánico occidental na Romania, cal é a desaparición sistemática da consoante nasal latina /n/ (así como a lateral /l/) en posición intervocálica.

Como está xa ben estudado, a caída de -N- produce unha nasalización na vogal anterior que progresivamente se foi desnasalizando no territorio galego-portugués, con algunhas excepcións, especialmente no sur, isto é, en Portugal¹. É precisamente este proceso de desnasalización producido ao longo de séculos o que os nosos textos medievais mostran, con maior ou menor clareza, con maior ou menor intensidade, e o que se detecta dun xeito evidente nas cantigas recollidas nos cancioneros profanos galego-portugueses, colocándonos perante un primeiro problema á hora de interpretarmos correctamente algunhas grafías dos apógrafos italianos.

* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *O cancionero de Joan Garcia de Guilhade. Edición Crítica* (HUM2004-04307), subvencionado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación”. A presente achega forma parte dunha investigación máis ampla sobre o conxunto da lírica trobadoresca, incluídas as *Cantigas de Santa Maria*, que non son contempladas neste traballo, así como moitas outras cuestións ligadas á nasalidade que xa non explicitamos nesta primeira aproximación.

¹ Mais o galego ancorés, por unha parte, e a evolución de -ANUM/-ANAM e dos plurais -ANOS/-ANAS, -ENES, -INES, -ONES e -UNES no territorio occidental galego, por outra, mostran como a pervivencia da nasalidade antiga, baixo unha ou outra forma, cunha ou con outra interpretación, non é exclusiva do territorio portugués (vid. Ferreiro, M., *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999, 4ª ed., pp. 125-140). Para un estudo de conxunto do proceso de desnasalización no período medieval, vid. Mariño Paz, R., “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba*, 29 (2002), pp. 71-118.

Imos centrar o presente estudo en dúas cuestións certamente relacionadas: a representación con <-n-> gráfico da nasalidade derivada da caída de -N- intervocálico latino na lírica profana, e, sobre todo, a revisión dalgúns casos de manutención desta consoante que tradicionalmente desconcertaron os filólogos, que actúan de diferentes modos perante tales aparentes anomalías: referímonos en especial ás formas con terminación *-ano*, *-ana* (do tipo *louçano/louçana*) e outras formas análogas que proliferan fundamentalmente nas cantigas de amigo e que foron obxecto de diversas interpretacións do punto de vista filolóxico.

Para este traballo utilizamos o corpus total das cantigas trobadorescas profanas, sen incluírmos nin a poética inicial de B nin as rubricas de B e V; igualmente, excluimos da nosa análise algunhas cantigas tardías incrustadas no noso corpus lírico, así como a lauda mariana de Afonso X (cantiga nº 463 [B468])².

Antes de comezar coa exposición, debemos, porén, facer algunhas precisións: a textualidade do corpus trobadoresco profano é, en certa maneira, móbil, pois, a pesar dos anos transcorridos desde os inicios da súa publicación e estudo, decote aparecen novas contribucións que modifican substancialmente o texto/vulgata. Vexamos un único, pero significativo, exemplo que afecta ao tema deste traballo: segundo a lección establecida por Nunes na súa edición das cantigas de amigo, na cantiga nº 1244, de Joan Baveca (B1228/V833), o primeiro verso era *Voss' amēaç'*, *amigo, non é ren*, interpretando que, baixo o orixinal *Vossa mena ja migo...*, aparecía unha forma *amēaç'* (*amigo*)..., que na presente investigación teríamos de incluír como forma do corpus da nasalidade; mais a edición crítica de Joan Baveca³, así como a recente edición das cantigas de amigo realizada por Rip Cohen⁴ mostra como a lectura correcta é *Vossa menag'*, *amigo, non é ren*, transformando a tradicional *amēaç'a* en *menage*.

Por outra parte, no corpus de vocábulos descendentes de -N- intervocálico non consideramos os casos de formas autoctonamente anómalas, como *capelan*

² Para as citas do corpus trobadoresco profano, utilizaremos o sistema referencial de Jean Marie D'Heur, tal como foi recollido e matizado en Montero Santalla, J. M., *As Rimas da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento (iné dita), Universidade da Coruña, 2000, vol. I, pp. 55-101.

Por outra parte, aínda que pretendemos non deixar fóra deste traballo ningún vocábulo que estivese relacionado con -N- intervocálico latino, somos conscientes de que é posíbel (mesmo inevitábel) algún esquecemento e/ou lapso no conxunto textual da lírica profana galego-portuguesa.

³ Vid. Zilli, C. (ed.), *Johan Baveca. Poesie*, Bari, Adriatica Editrice, 1977, p. 112.

⁴ *500 Cantigas d'Amigo. Edição Crítica / Critical Edition*, Lisboa, Campo das Letras, 2003, p. 463.

(<CAPELLANUM), nin tampouco os numerosos casos de perda de -E(M) latino final despois da consoante nasal alveolar, malia algúns estudos⁵ insistiren na vella teoría de Leite de Vasconcelos sobre unha hipotética perda de -N- intervocálico nestes contextos (CANEM > *cãe > can > port. cão!), que, como demonstra o excelente estudo de Ramón Lorenzo⁶, nunca existiu.

O corpus de formas que manexamos é, pois, o constituído por todos aqueles vocábulos ou formas flexionais que en latín contiñan -N- intervocálico, coas limitacións que indicamos, e tamén excluindo, por desnecessarios nesta aproximación, os descendentes de UNUM (>ũu, un) e UNAM (>ũa) e os seus derivados (*algũu/algun, neun/niun/ningũu* etc.), así como os descendentes dalgúns vocábulos acabados en -ONUM que derivaron na terminación *-on* (cf., por exemplo, *don*, de DONUM), e mais a variante monosilábica *bon* (vs. *bõo/boo*) e a forma, tamén unisilábica, de P1 de IPres. de *ser*, *son* (<SUM), fronte á variante *sõo/soo* (<*SONO). E aínda, finalmente, excluimos, por irrelevante para os nosos propósitos neste estudo, a importante serie coa terminación *-inho/-inha* (diminutivos en grande parte⁷) e os seus derivados e mais aquelas outras formas en que pola existencia dunha secuencia en interior de palabra en que intervén /ĩ/ se acabou desenvolvendo a mesma consoante nasal palatal que nos casos anteriores (*devinho* e (*a*)*devinhar*, (*de*)*terminhar*, *dinheiro*, *louvamãares*, *ordinhar*), para alén do posesivo *minha*, a forma verbal *tiinha(n)* e o adv. *festinho*.

A representación da nasalidade

Pola xeral e maioritaria persistencia dos hiatos aparecidos após a caída de consoantes, a nasalidade, cando conservada nos nosos cancioneros medievais, aparece representada na inmensa maioría dos casos por un til sobre a vogal

⁵ Vid. Maia, C. de Azevedo, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, INIC, 1986, pp. 585, 596 e 602, n. 2.

⁶ Vid. "Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués", en Kremer, D. (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Instituto de Cultura e Língua Portuguesa/Consello da Cultura Galega, Tübingen, Max Niemeyer, 1988, pp. 295-296.

⁷ Son as seguintes formas: *aginha/asinha, ansarinho, arminho, bainha, baiozinho, baroncinho, caminho, campinha, cortinha, cozinha, donzinho, espinha, estornhinho, falconcinho, farinha, fraquelinha, fremosinha, galguilinho, galinha, ladinho, linho, maninho, manselinho, marinho* (e *marinheiro*), *martinho, meezinha, meirinho, mesquinho/misquinho/mezquinho, menino/mininho, mocelinha, molhercinha, passarinha, pastorinho, rainha/reinha, sobinho, sobrinho, toucinho, vezinho, vinho*. No corpus das cantigas tamén se documentan as formas antropónicas *Bodinho, Cogominho* e *Gontinha*.

anterior ou posterior⁸ —e con moita frecuencia en ambas— á consoante desaparecida, sendo excepcional a presenza dunha consoante nasal implosiva para marcar unha vogal fonoloxicamente nasal, de que achamos moi poucos casos: *bōo* (475 [B477], v. 31: boon; 724 [B709, V310], v. 7: boom & boom), *dōado* (545 [B528b, V131], v. 15: doando & doādo) e *sōo* (14 [B40], v. 30: scōm; 123 [A37], v. 1: soón; 231 [B246], v. 9: scom; 379 [B411, V22], v. 8: soom & scom; 472 [B474^{bis}], v. 5: soon; 1599 [B1589, V1121], v. 4: soon & soon)⁹. Obviamente, debemos diferenciar estes casos daqueles outros que xa presentan consoante nasal implosiva como desenvolvemento consonántico consolidado da nasalidade vocálica (*oonte, teendes, viindes* etc.).

Fronte a esta situación xeral, en bastantes ocasións rexístrase a presenza de *-n-* intervocálico en vocábulos en que tamén se documenta a desaparición da consoante (cf., por exemplo, <bona> a carón de <bōa>).

A análise exhaustiva de todos os casos en que se detecta nos manuscritos a presenza gráfica dunha consoante nasal explosiva en contextos de desaparición mostra como esta representa unicamente unha mera grafía, feito que leva, como tradicionalmente vén facendo a maioría dos editores, a fixar un texto en que tal consoante é transformada en til de nasalidade. Porén, nos diversos cancioneros a realidade móstrase dunha maneira desigual, xa que, mentres que no Cancioneiro da Ajuda só se rexistra unha única ocorrencia (177 [A87, B191], v. 7: bona & boa)¹⁰, todos os casos se concentran nos apógrafos italianos, cunha distribución moi suxestiva para a súa correcta interpretación: os únicos casos en que B e V mostran unha lección coincidente son os seguintes:

- a) Nas formas que presentan un resultado erudito, xa que na propia lingua medieval se rexistra ás veces vacilación entre as formas máis patrimoniais

⁸ A crase de hiatos vocálicos en que está implicada unha nasalidade anterior é un feito que se limita sobre todo, mais non de modo universal, ás formas *custume/costume, home/homen, lume, nome/nume* e mais á PI do IPret. de *viir/viir* (*vin*), como voces máis representativas.

⁹ Nas cantigas 14 e 231 con confusión de <c>/<o>. Aínda que relacionados, son diferentes, por outra parte, aqueles casos en que os manuscritos presentan a forma *Estevan* (<esteuam, esteuã, steuã etc.>) ou *foan* (vid. nota 31) en contextos en que metricamente son esixidas as formas *Estevã[o]* e *foã[o]*. Fronte a *Estevan* (1332: [B1315, V920], vv. 8, 22, 32; 1405: [B1386, V995], v. 1; 1407: [B1388, V997], v. 2; 1424: [V1014], vv. 1, 8; 1425: [V1015], v. 1; 1672: [B1660, V1194], v. 1), a métrica esixe *Estevã[o]* en 1332 [B1315, V920], vv. 8, 22, 32; 1405 [B1386, V995], v. 1; 1407 [B1388, V997], v. 2; 1424 [V1014], vv. 1, 8; 1425 [V1015], v. 1; 1672 [B1660, V1194], v. 1.

¹⁰ Mais nos restantes versos desta cantiga aparece sempre *bōa/boa*: v. 5: boa & boa; v. 9: bōa & bōa; v. 12: bōa & bōa.

e o mantemento da forma erudita e/ou latinizante, con manutención, por tanto, da consoante nasal intervocálica: *pena* (fronte a *pēa/pea*) e a súa familia lexical, *campana*¹¹ e *Nazareno*¹². A estes casos debemos acrecentar algún castelanismo esporádico, como *canos* (<CANOS), esixido pola rima con *adianos*¹³.

- b) En certas formas procedentes de vocábulos latinos co suf. ou terminación -ANUM, -ANAM (*avelana, sano* etc.), na súa familia lexical (*avelanedo*...) e noutras que comparten contexto con estas mesmas e que manteñen persistentemente nestas circunstancias o -n- (*granado, Granada, venia, amena, arena* etc.). Sobre estas formas trataremos na segunda parte deste traballo.
- c) Noutros vocábulos en que, de forma moi minoritaria e de maneira asistemática, un dos cancioneiros italianos (fronte ao outro), moi rara vez ambos, se rexistra unha forma con -n-, constituíndo todos os casos nomes ou formas verbais sen especial coincidencia fonolóxica, semántica ou xenérica.

É nestes últimos casos en que, a seguir, nos centraremos para expormos o estado da cuestión e confirmar que se trata dunha simple grafía, probabelmente orixinada por un desenvolvemento gráfico do til de nasalidade orixinario¹⁴.

¹¹ Na cantiga nº 1491 [B1471^{bis}, V1082], v. 8 (*campana & canpana*), en rima con *badana*, nun contexto proverbial: *qual ricomen, tal vassalo, / qual concelho, tal campana!*

¹² Esta forma, presente no v. 1 do refrán na cantiga 1576 [B1557] (nun contexto moi propicio para os latinismos: *Rei Iudeorum, Iesu Nazareno*), aparece en rima con *leno* (v. 2), *cēteno* (v. 4) e *cameno* (v. 12), formas que non encontran unha solución/interpretación satisfactoria na edición lapiana da composición e que excluimos da análise feita no presente traballo.

¹³ 876 [B885, V468], v. 14: *cang & canug*.

¹⁴ A transcripción das formas de B e V foi feita sobre as edicións facsimilares destes cancioneiros (*Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*, Lisboa, Biblioteca Nacional/Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filolóxicos/Instituto de Alta Cultura, 1973, mentres que para A consultamos a transcripción de H. Carter (*Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter. Introdução de Maria Ana Ramos, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2007), con consultas esporádicas á edición facsimilar (*Cancioneiro da Ajuda*. Edição facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Távola Redonda, 1994); para o Pergamiño Vindel (N) utilizamos o facsímile e a transcripción incluídos na obra de M. P. Ferreira, *O Som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1986. Finalmente, utilizamos a transcripción do mesmo autor (*Cantus Coronatus. 7 cantigas d'El-Rei Dom Dinis*, Kassel, Reichenberger, 2005) para as sete cantigas de Don Dinís descubertas por Sharrer (T).

Utilizamos a barra vertical no final dos vocábulos en crase cos seguintes, ao tempo que unha interrogación indica dúbida na transcripción e/ou interpretación dunha forma; asemade, o til de nasalidade que aparece nos manuscritos sobre as dúas vogais (ou máis vogais, ás veces de todo o vocábulo) do hiato

Após unha procura exhaustiva nos cancioneiros de todas as formas, obsérvase que na inmensa maioría dos casos, B e V non coinciden, de xeito que, de regra e con moi escasas excepcións, cando nun dos apógrafos aparece *-n-* intervocálico no outro aparece a forma correctamente nasalizada: deste xeito, B e V ofrecen a mesma lección unicamente nun caso de *pōer* (601 [B584, V187], v. 8: poner & poner), noutro caso de *bōa* (1074 [B1072, V663], v. 40: bona & bona) –coa particularidade de que no v. 39 as leccións son <bona & boã>– e, finalmente, na forma *lūar*, que se documenta baixo a forma <lunar> no primeiro refrán fronte ás formas con til na segunda e terceira estrofa (1454 [B1435, V1045], r: lunar, lūār, luār & lunar, luār, lūār)¹⁵. Nos restantes casos, B e V non son coincidentes.

No Cancioneiro da Biblioteca Nacional¹⁶ compútanse as seguintes ocorrencias:

a) nove *bōa* <bona> (498 [B500, V83], v. 9: bona & bōa; 937 [B934, V522], v. 14: bona & boã; 941 [B938, V526], v. 16: bona & boã; 963 [B961, V548], v. 11: bona & boã; v. 18: bona & boã; 1000 [A296, B996, V585], v. 20: bōa & bona & boã; 1074 [B1072, V663], v. 39: bona & boã; 1326 [B1309, V914], v. 2: bona & boã; 1508 [B1488, V1099], v. 23: bona & boã);

b) catro *māo* <mano> (511 [B513, V96], r3: mano & mão; 551 [B534, V137], v. 9: mano & mão; 1119 [B1117, V708], v. 18: mang & maãos; 1497 [B1477, V1088], v. 21: mano & maõ);

c) catro *vēo* <veno> (1275 [B1259, V864], v. 2: veno & ueõ; 1464 [B1444, V1055], v. 5: veno & ueõ; v. 11: ueno & ueõ; 1645 [B1633, V1167], v. 11: ueno & ueõ);

colocámolo, por razóns de índole tipográfica, na primeira vogal, manténdoo na segunda cando claramente así aparece nos cancioneiros. Por outra parte, *r* indica refrán, e, cando seguido de número, indica que verso do refrán contén a forma en cuestión. Finalmente, utilizamos o símbolo \emptyset cando unha forma non aparece nalgún testemuño, sexa por lacuna, por fragmentariedade da transmisión ou por existir unha lección alternativa (cf., por exemplo, 140 [A53, B165], v. 3: outro & ome); por último, escribimos sempre con minúscula algunhas letras iniciais das lecturas paleográficas, para unificar e simplificar o sistema transcrito.

¹⁵ Dificilmente podemos considerar equivalente o caso de *vēo* na cantiga 643 [B628, V229], v. 1: vēo [o]: uen o & uen o. Tamén existen dúbidas interpretativas para outra ocorrencia que, talvez, deba ser incluída neste grupo, por o *-n-* poder indicar nasalización (480 [B482, V65], v. 3: vilana mente & uilana mēte), se non se trata dun castelanismos de Afonso X (vid. Rodríguez, J. L., “Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio”, *Boletim de Filologia*, Lisboa, 28 (1983), p. 9).

¹⁶ Non é a nosa intención nin entra neste traballo o estudo pormenorizado dos copistas de B en relación á nasalidade, mais podemos apuntar que a maioría dos casos de <n> como indicador de nasalización se concentran no copista A e, en menor medida, no copista E, con só un caso no copista D.

d) tres *vilão* <vilano> (1492 [B1472, V1083], v. 11: vilano & uilaõ; 1514 [B1494, V1105], v. 20: uilano & uilaõ; 1661 [B1649, V1183], v. 11: vilano & uilaõ)¹⁷;

e) dúas ocorrencias de *pōer* (668 [B653, V254], v. 13: poner & pōer; 1097 [B1095, V686], v. 15: poner & pō(d)er), de *vão* (511 [B513, V96], v. 27: uano & uão; 1465 [B1444, V1055], v. 5: uano & uão), e de *crístãos* (1118 [B1116, V707], v. 9: xpiãng & xpãag; 1119 [B1117, V708], v. 21: xpianos & ipaaõs);

f) e, finalmente, un caso en cada un das formas seguintes: *borõa* (1342 [B1325, V931], v. 21: bon ra & bõroa)¹⁸, *cẽa* (1458 [B1439, V1049], v. 7: cena & zẽa), *louçãõ* (1499 [B1479, V1090], v. 7: loucano & louçaõ), *vẽo* (240 [A134, B255], v. 22: uẽo & u enõ), *perdõará* (498 [B500, V83], v. 15: pardouara & pdoara)¹⁹, *razõado* (987 [B985, V572], v. 15: razonado & razoãdo) e *temporãõ* (1471 [B1452, V1062], v. 13: tenporaano & tenporaãõ)²⁰.

Tamén en V se documenta un número semellante de casos, todos eles con til de nasalidade en B, agás cinco casos de *boa*:

a) dezasete *bõa* <bona> (368 [B400, V10], v. 8: boã & bona; 369 [A226, B401, V11], v. 10: bõa & bõa & bona; 402 [B429, V41], v. 4: bõa & bona; 417 [A258, B435, V47], v. 10: bõa & bõa & bona; 421 [A262, B439, V51], v. 18: bõa & bõa & bona; 523 [B525, V108, T2], v. 14: boa & bona & ø; 543 [B526b, V129], v. 14: boa & bona; 554 [B537, V140], v. 5: boa & bona; 672 [B657, V258], v. 7: boa & bona; 684 [B668, V271], r1: boa, ø, bõa & bona, boã, ø; v. 19: bõa & bona; 810 [B814, V398], v. 16: boãs & bonas; 974 [B972, V559], v. 28: bõa & bona; 1055 [B1053, V643], v. 10: bõa & bona; 1145 [B1142, V734], v. 11: boã & bona; 1633 [B1621, V1154], v. 10: boã & bona; 1660 [B1648, V1182], v. 6: boã & bona)²¹;

¹⁷ Tanto no caso de <veno> como de <vilano>, estas formas gráficas coexisten coas habituais *vẽo* e *vilão* no seo da mesma composición nas cantigas 1275 (vv. 6, 9) e 1464 (vv. 1, 2, 7, 8), no primeiro caso, e na cantiga 1492, no segundo (v. 15).

¹⁸ Interpretamos que a lección de B é un erro do copista por <borona>.

¹⁹ Consideramos que en B <u> responde á xeral confusión desta grafía con <n>, para alén da presenza da base *pardon*, típica do copista A.

²⁰ E aínda un caso dubidoso de *cidadãos*: 1119 [B1117, V708], v. 15: citadm̃g & cidadãg.

²¹ Nótese que na cantiga 1228, na súa primeira versión V utiliza as formas esperadas ([B1212, V817] = [B794, V378], v. 7: ø/bõa & ø/boã; v. 13: boã/bona & boã/bona), ao tempo que na cantiga 1633 aparece a forma nasalizada no v. 13 (boã & boã). Por outra parte, computamos dentro deste grupo de <bona> a lección <bona dega> de V na cantiga 1660, o que suporía unha interpretación *bõa [a]dega*, confirmada por B.

b) dous casos que afectan ao subst. *dōas* (762 [B746, V348], v. 12: doãs & donas; 1036 [B1032, V622], v. 1: dōas & donas) e ao verbo *pōer* (1613 [B1603, V1135], v. 8: poēde & ponedo; 1074 [B1072, V663], v. 11: pōer & poner)²²;

c) e un caso de *mão* (482 [B484, V67], v. 1: mão & mano), de *razōar* (478 [B480, V63], v. 46: rrazčar & rrazonar) e de *vēo* (1183: B1166, V772, r1: ueo, ueō, ueno & ueo, ueō, ueō).

A todos estes casos hai que acrescentar outros presentes en cantigas que foron transmitidas por un único cancionero:

a) nove <bona> (25 [B51], v. 5²³; 52 [B79], v. 25; 295 [B336], v. 12; 323 [B363], v. 9; 326 [B366], v. 13; 332 [B370], v. 4; 335 [B373], v. 13; 338 [B376], vv. 7, 13);

b) dous casos que afectan á P3 do IPret. de *vīr* (1544 [B1525], v. 11: ueno; 1579 [B1560], v. 4: veno; v. 9: ueō)²⁴;

c) unha documentación de *çapatões* (459 [B464], v. 10: capaton es), *certão* <certano> (1577 [B1558], v. 2), *dōa* <dona> (1551 [B1532], v. 5), *loução* <loucano> (1555 [B1536], v. 4), *mão* <mano> (1529 [B1510], v. 3) e *vilão* (1533 [B1514], v. 10: vilano; v. 18: uilano)²⁵, xunto cunha forma máis dubidosa: *cōelhos?* (458 [B463], v. 15: geles)²⁶;

d) do mesmo xeito, en V aparece *-n-* en *louçãos* nunha cantiga non transmitida por B: 1435 [V1025], v. 32: louçang.

²² De novo aparece a forma correcta de *dōas* no v. 5 da cantiga 1036, e *pōer/pōede* nos vv. 5 e 15 da cantiga 1613.

²³ No v. 22 rexístrase <bōa>.

²⁴ Nótese que na cantiga 240, vista antes, o cancionero da Ajuda ofrece a lección correcta, ao tempo que esta tamén aparece no v. 19 da cantiga 1579.

²⁵ No v. 10 tamén aparece a forma correcta.

²⁶ Na versión lapiana desta cantiga, o ilustre editor interpreta *con elhos* a partir da errada lección de B; mais o contexto permite unha lectura *cōel[h]os*, que mantén a rima con *conselhos* e *trebelhos*, tamén admitida polo editor portugués (vid. Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970, p. 24) e mantida na edición crítica das cantigas profanas de Afonso X (vid. Paredes, J., *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica, con introducción notas y glosario, Roma, Japadre Editore, 2001, pp. 125, 128). Por outra parte, non consideramos unha hipotética forma *a mēos* no v. 14 da cantiga 1588 (B1578), coitando que se pode interpretar o verso *que o am'e non cate ũa vegada*, a partir da lección *q̄o ame nō cate huā negada*.

Fóra dos casos aquí recollidos, e mais das formas do tipo *irmana* que trataremos a seguir, as restantes voces derivadas de bases latinas con -N- intervocálico presentan maioritariamente nasalidade vocálica indicada (salvo lapsos) con til e, maioritariamente, desnasalización, en especial en contextos átonos.

Debemos, por tanto, concluír á vista dos datos que a presenza de -n- explosivo nos casos que recollemos supón unha simple grafía para representar a nasalidade vocálica, que contrasta con algún rarísimo caso de grafía inversa: isto é, o til de nasalidade como indicador de consoante nasal explosiva, que se rexistra, por exemplo, na cantiga 1237 [B1221, V826], v. 30, onde V presenta <dōa> para *dona*²⁷, ou na cantiga 1176 [B1163, V766], en que, no v. 1 do refrán da terceira estrofa, B ofrece a lección <meu bẽ ã eu lume> para *meu ben e meu lume*.

Os resultados de -ANAM/-ANAS, -ANUM/-ANOS e as formas do tipo *irmana*

Neste traballo sobre a representación da nasalidade derivada da caída de -N- intervocálico latino na lírica trobadoresca profana, constitúe un capítulo fundamental o estudo e análise do tratamento de -n- nas terminacións *-ano/-ana*, porque, como foi sinalado xa dende os comezos dos estudos trobadorescos, se documenta nas cantigas de amigo unha relevante presenza de formas como *irmana*, *louçana*, *sano* etc.

Vexamos a situación: o tratamento de -ANUM/-ANOS e -ANAM/-ANAS nas cantigas de amor e de escarnio responde en termos xerais á evolución tradicional, con caída de -N- e a conseguinte nasalización (con algunha grafía esporádica con conservación gráfica de -n- indicando nasalidade, que xa vimos), e só en casos limitados, probabelmente por lapso do(s) copista(s), ausencia de til indicador desa nasalidade.

Nos xéneros diferentes ao de amigo aparecen os seguintes vocábulos: *alão* (1450 [B1431, V1041], v. 2: *alaa* & *alaão*); *aldeiãos* (1375 [B1357, V965], v. 8: *aldeaos* & *al deyaos*; *barragãa* (1390 [B1372, V980], v. 9: *barragaa* & \emptyset); *cãos* vs. *canos*²⁸ 876 [B885, V468], v. 14: *can9* & *canu9*; 1357 [B1340, V947],

²⁷ Exemplo citado en Lapa, M. Rodrigues, *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*, Universidade de Coimbra, 1982, p. 149.

²⁸ A forma *canos*, con -n- gráfico, é tamén necesariamente fonolóxico, xa que aparece en rima con *adianos* e *panos* nesta cantiga de Airas Nunez. Cf. nota 13.

v. 7: cão & caõ²⁹; 1435 [V1025], v. 9: caos; v. 29: caõs); *certão, certã* (530 [B522a, V115], v. 4: certão & certaõ; 1319 [B1302, V907], v. 5: tcã & ctã³⁰; 1577 [B1558], v. 2: certano); *chão* (459 [B464], v. 3: chão; 511 [B513, V96], v. 7: chao & chao); *Churruchão/Chorrichão* (867 [B885, V468], v. 11: ø & churrucaõ); 1572 [B1553], v. 5: choirichaõ); *cidadão* (1119 [B1117, V708], v. 15: citadm9 & cidadã9); *coirmãa* (1354 [B1337, V944], v. 2 coyrmaa & coyrmaa); *Covilhãa* (1497 [B1477, V1088], v. 20: Couylhaã & cõ uylhaã); *crístão* (458 [B463], v. 16: xpãos; 1118 [B1116, V707], v. 9: xpiã9 & xpãa9; 1119 [B1117, V708], v. 21: xpianos & ipaaõs; 1499 [B1479, V1090], v. 12: xpão & xpão; 1661 [B1649, V1183], v. 7: cristaõ & cristaõ; v. 9: cristao & cristaõ); *Dormãa* (1354 [B1337, V944], v. 1: dormaa & dormaa); *ermitão* (1661 [B1649, V1183], v. 4: ermitaõ & ermitaõ); *Estaturão* (1661 [B1649, V1183], v. 1: estaturaa & estasturaõ); *foão*³¹ (1101 [B1099, V690], v. 1: foao & foao; 1330 [B1313, V918], v. 1: foaõ & foaõ; 1332 [B1315, V920], v. 5: feham & seham; v. 12: foam & foam; 1338 [B1321, V926], v. 1: foãoo & foaaõ; 1464 [B1444, V1055], v. 1: foam & foam; v. 4: foã & foã; 1521 [B1502], v. 11: foão; 1577 [B1558], v. 1: foao; v. 6: foão; v. 11: foão); *grãs* (ou *grã[a]s*) (876 [B885, V468], v. 15: grãs & grãs); *Juião* (371 [B403^{bis}, V14], v. 1: Iuy'ão & Juyão; v. 15: Inyãõ & Juyão; v. 29: Iuy'ao & Jup'ao; 1197 [B1181, V786], v. 8: Iuayo & Juyãõ; v. 22: Iuyaõ & Juyãõ; v. 32: Iuyaõ & Juyãõ; 1411 [V1001], v. 14: Iuyãõ); *lãa* (493 [B495, V78], v. 24: laa & laa); *livão*³² (1577 [B1558], v. 1: liuaõ); *pa[a]çãa* (1354 [B1337, V944], v. 3: pacaa & paçaa); *serão* (1403 [B1384, V993], v. 6: seraã & serãa; 1565 [B1546], v. 4: serãõ; 1585 [B1575], v. 5: serãa; 1588 [B1578], v. 24: se raa; 1682 [V1204], v. 9: serãõ); *tavãõ* (1577 [B1558], v. 3: tauãõ); *temporão* (1471 [B1452, V1062], v. 13: tenporaano & tenporaão); *vãõ* (511 [B513, V96], v. 27: uano & uãõ; 551 [B534, V137], v. 15:

²⁹ A forma *cãõ* é interpretación lapiana dubidosa, cunha lectura imaxinativa (*O infançon, cãõ e livan*) do final do verso que se basea nunha lección deturpada (*cãõ daluam & caõ daluã*): “a forma *livan* (=amalucado) apar de *livãõ*, que é a forma usual, não oferece grande dificuldade, pois está nos casos *capelãõ-capelan, vilãõ-vilan, foãõ-foan*” (cf. Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'Escarnho...*, op. cit., p. 385).

³⁰ O til abranxe todo o vocábulo, incluíndo a abreviatura <er>.

³¹ A forma *foãõ* (*foã[o]*) nas cantigas 1332 e 1464, esixido pola medida e, no v. 4 da segunda cantiga, pola rima con *vãõ*) convive coa variante *foan* <foam, foã, ffoã, ffoam, foan>, que aparece nos seguintes contextos: 484 [B486, V69], v. 1; 1316 [B1300, V904], v. 4; 1320 [B1303, V908], v. 1; 1332 [B1315, V920], v. 29; 1337 [B1320, V925], v. 2; 1519 [B1500, V1110], v. 1; 1521 [B1502], v. 1; 1536 [B1517], v. 1; 1557 [B1538], v. 1; 1558 [B1539], v. 1; 1578 [B1559], v. 2; 1628 [B1616^{bis}, V1149^{bis}], v. 5; 1632 [B1620, V1153], v. 1; 1633 [B1621, V1154], v. 2.

³² Talvez exista tamén a variante *livan* (1357 [B1340, V947], v. 7), segundo a lectura conxectural de Rodrigues Lapa para este verso: *cãõ e livan* <cãõ daluam & caõ daluã> (vid. nota 29).

uaõ & uão; 1465 [B1444, V1055], v. 5: uano & uão); *verão* (551 [B534, V137], v. 12: uerão & uerão; 866 [B872, V456], v. 1: uerão & uerão; 1572 [B1553], v. 4: uerão; 1624 [B1613, V1146], v. 5: uiuer aao & uiuer aao); *vilão*³³ (47 [B74], v. 21: vilaõ; 115 [B144], v. 30: vilaão; 371 [B403^{bis}, V14], v. 20: uylão & uylaõ; 459 [B464], v. 4: uilão; 1434 [V1024], v. 22: uilaõ; 1442 [V1032], v. 23: uilan; 1492 [B1472, V1083], v. 11: vilano & uilaõ; v. 15: vilão & uilão; 1514 [B1494, V1105], v. 20: uilano & uilaõ; 1533 [B1514], v. 10: vilano ... uilaõ; v. 18: uilano; 1555 [B1536], v. 5: vilaõ; 1592 [B1582, V1114], v. 5: vylaão & uylaão; 1619 [B1608, V1141], v. 1: uilão & uilaõ; v. 7: uilão & uilaõ; v. 8: uilaõ & uilaõ; 1661 [B1649, V1183], v. 11: vilano & uilaõ).

Nesta relación exhaustiva de formas observamos algunhas ausencias de nasalidade que son doadamente explicábeis na súa maioría como lapsos de copia, posto que <caos> (1435), <estaturao> (1661), <foao> (1557) e <luayo> (1197) conviven coas formas correctas noutra copia e/ou noutros versos das mesmas cantigas; <chao> (511) aparece en rima con *mão*; as formas sen til de *serão* (1588) e *verão* (1624) aparecen moi deturpadas nos manuscritos, e <dormaa, coirmaa, paçaa> rexístranse en serie na cantiga 1354; ficarían, pois <barragaa> (1390), ausente en V, e <foao> (1101) como simples esquecementos no proceso de copia.

Fronte a estes casos, todos eles rexistrados nas cantigas de amor e de escarnio, vexamos agora o que acontece con dez vocábulos (*avelana* –*avelanal*, *avelaneira*, *avelanedo*–, *fontana*, *irmana*, *louçana*, *manhana*, *mano* e *sano*) e a súa distribución por xéneros:

1. *Avelana*, *avelaneira*, *avelanal*, *avelanedo* (cantiga de amigo): 659 [B644, V245]], r: auelanal & auelañ al; 864 [B868-869-870, V454], v. 14: auela nedo & auela/nedo; v. 24: a uelanal & a uelanal; 870 [B879, V462], v. 2: auela neyras & aue laneyras; v. 5: auelaneyras & auelaneyras; vv. 8, 11: auelanas & auelanas, auelanas & auelanas; 1171 [B1158^{bis}, V761]; vv. 2, 5: auelaneyras & auelaneyras, auelaneyras & auelaneyras; v. 8, 11: auelaneyras & auelaneyras, auelaneyras & auelaneyras.

³³ Xunto coa variante *vilan* (<uilã/vilã, uylan, uylã, uylam...>) en 115 [B144], v. 12; 1197 [B1181, V786], v. 33; 1366 [B1349, V956], v. 34; 1642 [B1630, V1164], v. 5. Lémbrase, ademais, a forma *vilanamente* (vid. nota 15), de que o editor das cantigas de escarnio comenta: “Pode ser que o *n* esteja em lugar do til, mas também pode ser que a forma castelhana ou arcaica denuncie uma intenção de estilo em sentido escarinho, sobre apresentar maior consistência para efeitos de métrica” (cf. Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d’Escarnho...*, op. cit., p. 19).

2. *Fontana* (cantiga de amigo): 1204 [B1188, V793], vv. 2, 7: fōtana & fōtana, fōtana & fontana; vv. 5, 10: fōtana & fontana, fontana & fontana; 1208 [B1192, V797], v. 2: fontana & fontana; v. 5: fontana & fontana; v. 7: fōtana & fōtana; v. 10: fontana & fontana.

3. *Irmãna vs. irmãa, irmão*

a) Cantigas de amigo: 679 [B664, V266], v. 1: irmaa & irmaa; r: irmaa & irmaa; v. 5: irmaa & irmaa; v. 9: irmaa & irmaa; 870 [B879, V462], v. 7: irmanas & irma(d)nas; 1138 [B1136, V727], v. 1: irmãna & irmãna; v. 15: irmãna & irmãna; 1215 [B1199, V804], v. 2: irmaa & ir maa; 1297 [B1280, V886, N3], v. 1: irmãna & irmãna & yrmana; v. 4: irmãna & irmãna & irmãna; 1302 [B1285, V891], v. 2: irmanas & irmanas; v. 7: irmãna & ir mana [ed. *irmanas*]; 1303 [B1286, V872], v. 2: irmãna & irmãna; v. 5: irmãna & irmãna; v. 8: irmanã & irmãna; 1304 [B1288, V893], r: irmãna, irmãna, irmãna, irmãna & irmanã, irmãna, irmãna, irmãna; 1314 [B1298, V902], v. 1: irmãna & irmãna; v. 3: hirmanã & hirmanã.

b) Cantigas de escarnio: 429 [B448], r6: ir mana; 473 [B475], v. 1: ir manas; v. 4. ir mana; 1118 [B1116, V707], v. 18: irmãao & irmãtio; 1358 [B1341, V948], v. 15: irmão & irmaõ; 1424 [V1014], v. 2: irmag; 1587 [B1577], v. 19: irmão.

4. *Louçana vs. louçãa, loução*

a) Cantiga de amigo: 582 [B565, V168], r: loucana, louçana, loucana, louçana, louçana, loucana, loucana & loucana, louçana, loucana, loucana, loucana, loucana, loucana; 584 [B567, V170], v. 4: louçano & louçano; 586 [B569, V172], v. 6: louçana & louçana; 694 [B679, V281], r: louçaa & louçaa, louçãa & louçaã, louçãa & louçaã; 704 [B689, V291], r: loucana & louçana; 870 [B879, V462], v. 9: loucana ... loucanas & loucana ... loucanas; 1204 [B1188, V793], v. 4: louçana & louçana; 1208 [B1192, V797], v. 4: loucana & louçana; 1254 [B1238, V843], v. 1: loucana & louçana; 1289 [B1272, V878], r1: loucana & iouçana, loucana & louçana, loucana & louçana, loucana & louçana; r3: loucana & louçana; 1294 [B1277, V883], r: louçana, louçana, louçana, loucana & louçana, louçana, louçana, louçana.

b) Cantiga de amor: 429 [B448], r3: lou caria, ø, lou cano [ed. *louçana*]; 530 [B522a, V115], v. 1: loucao & louçao; 551 [B534, V137], v. 13: loucano & loução; 866 [B872, V456], v. 6: loução & louçaõ.

c) Cantiga de escarnio: 1435 [V1025], v. 32: louçang; 1499 [B1479, V1090], v. 7: loucano & louçaõ; 1521 [B1502], v. 10: loucaõ; 1555 [B1536], v. 4: loucano; 1660 [B1648, V1182], v. 13: loucaõ & loução; 1661 [B1649, V1183], v. 14: loucaõ & loução.

5. *Manhana* (cantiga de amigo): 656 [B641, V242], v. 1: manhanas & manhanas; v. 4: manhanas & manhanas.

6. *Mano* vs. *mão*

a) Cantiga de amigo: 1314 [B1298, V902], v. 8: maõ & maõ; v. 11: mano & mano; v. 13: mano & mano; v. 16: mano & mano.

b) Cantiga de amor: 382 [B414, V25], v. 21: maõ & maõ; 511 [B513, V96], r3: mano & mão; 551 [B534, V137], v. 9: mano & mão.

c) Cantiga de escarnio: 461 [B466], v. 26: m̃ao; 482 [B484, V67], v. 1: m̃ao & mano; 1118 [B1116, V707], v. 11: maõ & m̃ao; 1119 [B1117, V708], v. 18: mang & maõs; 1387 [B1369, V977], v. 5: maas & maaes [ed. *mãos*]; v. 7: maõs? & maos; v. 9: maõs? & maõs; 1397 [B1379, V987], v. 7: mao & maõ; 1403 [B1384, V993], v. 3: m̃aa & m̃aa [ed. *mão*]; 1435 [V1025], v. 33: m̃ag; 1497 [B1477, V1088], v. 21: mano & maõ; 1505 [B1484, V1096], v. 7: m̃ao & m̃ao; 1514 [B1494, V1105], v. 21: m̃ao & maõ; 1521 [B1502], v. 9: maõ; 1529 [B1510], v. 3: mano; 1530 [B1511], v. 25: maõ; 1565 [B1546], v. 5: maõ; 1587 [B1577], v. 21: m̃ao; v. 23: m̃ao; 1588 [B1578], v. 20: m̃ao; 1598 [B1588, V1120], v. 4: m̃ao & m̃ao; 1619 [B1608, V1141], v. 4: caiõ & aõ [ed. *mão*]; 1629 [B1617, V1150], v. 9: maõs & mance?; 1661 [B1649, V1183], v. 8: maõ & m̃ao; 1682 [V1204], v. 11: m̃ao.

7. *Sano* vs. *são*, *sãa(s)*

a) Cantiga de amigo: 585 [B568, V171], vv. 14, 19: sanl & sanl, sanl & ø; vv. 17, 22: sano & sano, sano & ø; 1296 [B1279, V885, N2], v. 8: sanl & sanl & sanl; v. 11: sano & senõ & sano; v. 13: sanl & sanl & sanl; v. 16: sano & sano & sano.

b) Cantiga de amor: 511 [B513, V96], v. 17: sao & são.

c) Cantiga de escarnio: 1435 [V1025], v. 30: m̃ag [ed. *sãos*]; 1561 [B1542], v. 4: s̃aas; 1572 [B1553], v. 3: sao; 1585 [B1575], v. 6: saã [ed. *são*]; 1587 [B1577], v. 24: saõ; 1660 [B1648, V1182], v. 14: sao & sao.

Estes datos mostran que *avelana* –*avelanal*, *avelaneira*, *avelanedo*–, *fontana*, *irmana*, *louçana*, *manhana*, *mano* e *sano* son practicamente as únicas formas utilizadas na cantiga de amigo, sempre con coincidencia de todos os manuscritos (B, V e N), fronte aos restantes xéneros, en que aparecen as formas esperadas, con desaparición de *-n-* e a conseguinte nasalidade³⁴. Estes usos lingüística e xenericamente sistemáticos só se ven alterados pola aparición de *irmana*, xunto con *louçana* (ambos os dous en rima con *Joana*), na cantiga de amor con trazos anómalos de Pero Viviaez (nº 429) e mais na cantiga 473, escarniña e fragmentaria, que non permite emitir xuízos definitivos. E, por outra parte, *irmana* e *louçana* son absolutamente xerais nas cantigas de amigo coa excepción das composicións 679 (Vasco Gil) e 1215 (Martin de Caldas), que presentan *irmãa*, e a cantiga 694 (Joan Soarez Coelho), que utiliza *louçãa*. E, finalmente, aparece o anómalo caso de *mão* na cantiga 1314 (v. 8) de Fernando Esquio, que presenta sistemática conservación de *-n-* nos restantes casos de ocorrencia do vocábulo (vv. 11, 13 e 16)³⁵ para alén da presenza de *irmana* no v. 1.

Mais a ‘anomalía’ das formas con *-n-* intervocálico nas cantigas de amigo aínda se acrecenta, para alén das voces en *-ano/-ana*, con outras formas (*amena*, *arena*, *sonar*, *venia*) que continúan a conservación de tal consoante dunha maneira sistemática, por repetición da documentación e mais por coincidencia dos testemuños manuscritos: *amenas* e *arena* (1236 [A283, B1220, V825], v. 1: *amenas* & *amenas* & *amenas*; v. 3: *arenas* & *arenas* & *arenas*; v. 5r: *arenas*, a., a. & *arenas*, *arenas*, *arenas* & *aprenas*, *arenas*, *arenas*; v. 7: *amenas* & *amenas* & *amenas*; v. 9: *arenas* & *arenas* & *arenas*), *sonar* (1294 [B1277, V883], v. 5: *ssonar* & *ssonar*; v. 10: *ssonar* & *ssonar*, *venia* (826 [B829, V415], v. 3: *uenia* & *uenia*; v. 9: *uenía* & *uenia*).

A estes casos, aínda hai que sumar a forma *pino*, presenza repetida en máis dúas cantigas de amigo (585 [B568, V171], v. 1: *pyno* & *pyno*; 922 [B920, V507], v. 2: *pino* & *pino*; v. 7: *pino* & *pino*), en contraste con *pinho*, utilizada noutra cantiga de amigo (587 [B570, V173], v. 3: *pinho*: *pinho* & *pinho*; v. 9:

³⁴ As esporádicas ausencias de nasalidade gráfica só son sorprendentes nas cantigas 679 e 1215 (<irmaa>), pois nos restantes casos son facilmente interpretábeis como lapsos e contradicións no proceso de copia: nuns casos a forma nasalizada está documentada noutros versos da mesma composición (*louçãa*, 694; *mãos*, 1387); noutros, as formas sen til aparecen en rima con outras nasalizadas (<louçao> con *certão*, 530; <sao> con *loução*, 1660); e noutros, a forma correcta está atestada por un dos cancioneiros (*são*, V, 511; *mão* V, 1397; *mãos* B, 1387). Fican só, por tanto, a forma <irma> de 1424 e <sao> en 1660.

³⁵ Débese, por tanto, considerar para a edición desta cantiga a posibilidade de desenvolver graficamente o til de *mão*.

pinho: pinho & pinho) e mais, como é esperábel, nunha do xénero escarniño (1489 [B1470, V1080], v. 13: pinhl & pinhl).

Máis aínda: o vocábulo *granada/Granada*, tanto nome feminino como topónimo, presenta unha distribución absolutamente significativa por xéneros: as formas con *-n-* intervocálico aparecen sistemática e unicamente nas cantigas de amigo: 872 [B881, V464], v. 14: granada & granada; 1171 [B1158^{bis}, V761], vv. 8, 11: granadas & granadas, granadas & granadas; 1175 [B1162, V765], r: granada & granada, granada & granada, granada & granada, granada & granada; 1176 [B1163, V766], r2: granada & granada).

Fronte a esta realidade, *Graada* (top.) é a única forma rexistrada nas cantigas de escarnio e maldizer: 492 [B494, V77], v. 15: graada & graada; 1465 [B1445, V1056], v. 11: graada & graada; 1610 [B1600, V1132], v. 13: grada & grada [ed. *Gra[a]da*], para alén do adx. *graado* (1373 [B1355, V963], v. 11: graado & graado).

Perante tal situación, desde o comezo dos estudos sobre o noso trobadorismo, xa Carolina Michaëlis de Vasconcelos levantou o problema que supuña a existencia destas formas, se ben con opinión vacilante, como apunta Rodrigues Lapa, que sintetiza ben as dúbidas da editora do *Cancioneiro da Ajuda*: “Carolina Michaëlis sempre hesitou sobre a natureza destas formas, dalgumas, pelo menos, *sedia*, *venia*, terminacións *-ano*, *-ino*, etc.”³⁶.

Desde a opinión de que eses arcaísmos eran unha evidencia para confirmar o carácter autóctono e a antigüidade das cantigas paralelísticas³⁷, en 1904 a investigadora xermano-portuguesa afirma que “algumas formas ocorren nos textos que debemos considerar como hispanismos [referíndose a *amena*]”, e, máis adiante:

O vocabulario encerra formas não usadas nas canções provençalescas, termos archaicos que já haviam desaparecido da linguagem normal. P. ex. *ler* [...]; *virgo* por *virgem*; as formas verbaes *trei* < *trahi* e *treide treides* < *trahite trahitis*, porventura provincialismos galegos. A esta ultima categoria pertencem certos hispanismos ou castelhanismos que muito cedo haviam invadido os fallares da Galliza do Norte, mas que destoam das feições castiças do *português illustre* dos trovadores³⁸.

³⁶ Cf. Lapa, M. Rodrigues, *Miscelânea...*, *op. cit.*, p. 145.

³⁷ Vid. un resumo en *ibid.*, pp. 145-146.

³⁸ Cf. Vasconcelos, C. Michaëlis de, *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da ed. de Halle (1904), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990, vol. I, pp. 926-927.

Este feito é recollido por Rodrigues Lapa nas súas *Lições de Literatura Portuguesa*, onde interpreta as formas do tipo *irmana* como arcaísmos, pón-doos en relación coas orixes do noso lirismo:

A feição tradicional do noso antigo lirismo documenta-se aínda de modo seguro nos arcaísmos de linguagem, que se encontran por vía de regra, no topo da cantiga paralelística. Tem causado estranheza a algúns estudiosos dos nosos cancioneiros a perturbadora existencia de vocábulos como *manhana*, *louçana*, *irmana*, *avelana*, *sano*, *venia*, etc., formas arcaicas modificadas já na linguagem corrente do século XIII. E a incompreensão do fenómeno levou algúns, e en especial J. J. Nunes, a modificar esses arcaísmos: *louçãa*, *irmãa*, etc. Chamamos já a atención para esse facto, que representa a prova inegável da antiguidade e popularidade da nosa poesía lírica³⁹.

Aínda máis tarde, pregúntase (e responde) Manuel Rodrigues Lapa:

Há ou não arcaísmos nas nosas cantigas de amigo? É fora de dúbida: ou que esses arcaísmos sejam vestígios de esboços poéticos anteriores ao período literário, aproveitados e desenvolvidos posteriormente polos trovadores; ou que sejam propositada e até forçadamente empregues, porque o paralelismo estrófico impunha o paralelismo lexical, por isso o uso do sinónimo arcaico; ou que sejan devidos [...] a uma exigência melódica; ou que sejan, enfim, provenientes da combinación destes principios, é ponto assente que nas cantigas paralelísticas, e quase só nelas, aparecen termos arcaicos⁴⁰.

E acaba coa crítica do tratamento de *-n-* intervocálico por parte de Nunes na súa edición das cantigas de amigo, concluindo: “Isto é grave, porque se está, con este proceso, a inutilizar uma das provas máis características da antiguidade do noso lirismo”⁴¹.

E aínda recentemente, nun estudo sobre a desnasalización na lingua medieval, Mariño Paz prescinde destas “documentacións de interpretación discutible”, afirmando que

Formas coma *amenas*, *arenas*, *avelanal*, *avelanado*, *avelaneyras* ou *louçana*, usadas na lírica profana, foron interpretadas como algúns como arcaísmos fonéticos ou como mozarabismos, mais tamén se poderían considerar arcaísmos ou latinismos puramente gráficos⁴².

³⁹ Cf. M. Rodrigues Lapa, *Lições de literatura portuguesa. Época medieval*, Coimbra, Coimbra Editora, 1981, p. 109.

⁴⁰ Cf. Lapa, M. Rodrigues, *Miscelânea...*, *op. cit.*, p. 144.

⁴¹ *Ibid.*, p. 149.

⁴² Cf. Mariño Paz, R., *op. cit.*, p. 82.

A recolla sistemática de todos os casos de conservación de *-n-* intervocálico mostra que é un feito sistemático (coas diverxencias xa indicadas *supra*) nas cantigas de amigo, sen que haxa posibilidade de interpretarmos que estamos perante meras grafías indicativas de nasalidade, como as revisadas na primeira parte deste traballo. Así pois, a única interpretación posíbel é que se trata dun uso consciente (e coherente) por parte dalgúns trobadores que utilizan estas formas antigas como un trazo máis de decoración arcaizante de teor estilístico (*ornatus* retórico) no xénero máis autóctono do noso trobadorismo.

Mais, para alén de todo o exposto, aínda se pode acrecentar un trazo máis desta decoración nas cantigas de amigo, con datos que se cruzan e coinciden basicamente cos vistos, cal é a presenza de *-l-* en casos e formas que historicamente xa tiñan perdido tal consoante⁴³. Referímonos, fundamentalmente, ás formas *lo(s)/la(s)*⁴⁴, tanto artigo como pronome, mais sempre despois de vogal⁴⁵, ás veces en contracción coa prep. *a* (*al*⁴⁶) que se documentan en 32 cantigas de amigo⁴⁷, ás veces convivendo con *-n-*: 586 [B569, V172], r.; 587 [B570, V173], vv. 3, 7, 9, 13; 609 [B592, V195], vv. 2, 5, 7; 646 [B631, V232], r; 647 [B632, V233], r2; 660 [B645, V246], vv. 8, 11, 13, 16; 704 [B689, V291], vv. 2, 5, 7; 735 [B720, V321], vv. 1, 4; 736 [B721, V322], r; 781 [B784, V368], vv. 1, 5; 825 [B828, V414], v. 1; 864 [B868-69-70, V454], v. 31; 891 [A281], vv. 1, 4; 892 [A284], v. 5; 903 [B903, V488], vv. 1, 2, r1, 7, 13, 14; 903 [B903, V488], vv. 4, 10, 16; 969 [B967, V554], vv. 6, 9; 1130 [B1127, V719], vv. 1, 4; 1166 [B1154, V756], vv. 1, 5⁴⁸; 1167 [B1155, V757], vv. 2, 7; 1169 [B1157,

⁴³ Obviamente, non incluímos aqueles casos en que <l> aparece despois de vocábulo acabado en *-r* ou *-s*, onde a grafía (conservadora) só indica a asimilación historicamente producida nestes contextos (ás veces insólitos na lingua moderna), como se pode comprobar claramente nas variantes do refrán da cantiga 1297 [B1280/V886/N3]: *E miraremos las ondas N* vs. *E miraremo-las ondas BV*. E tamén non consideramos o uso petrificado de *la* na expresión *a la (minha) fe* nin a aparición desta forma en aglutinacións actualmente desaparecidas do tipo *sobre-lo, sobe-lo*.

⁴⁴ Esporadicamente coa forma contracta *l'* ou *'l* (vid. cantigas 903, 969, 1281, 1304).

⁴⁵ Como mostra ben a cantiga 825, onde fronte ao uso de *la* no v. 1 (*Dizia la ben talhada*), este mesmo artigo aparece como *a* en posición inicial no v. 4 (*A ben talhada dizia*).

⁴⁶ Como é lóxico, non consideramos a contracción *al* cando implica á forma *el-Rei*.

⁴⁷ En seis delas (586, 704, 864, 1236, 1297 e 1304) concorren con formas do tipo *irmana*. Por outra parte, *al* tamén se documenta no refrán *non ven al maio* da cantiga 494 [B496, V79], de Afonso X. Así mesmo, débese notar que a cantiga 903, aínda que formalmente de amor, ten factura de cantiga de amigo.

⁴⁸ Nestes casos, o contexto é ambiguo (*Cabelos, los meus cabelos*, v. 1; *Garcetas, las mias garcetas*, v. 5), porque se podería considerar que as grafías encobren unha asimilación *cabelo-los...* e *garceta-las...* O mesmo acontece no refrán da cantiga 1236: *eu das arenas la mirei*.

V759], vv. 1, 5; 1201 [B1185, V790], r4; 1202 [B1186, V791], v. 5; 1205 [B1189, V794], vv. 13, 14, 16, 17, 18, 21; 1206 [B1190, V795], v. 9; 1236 [A283, B1220, V825], vv. 3, r1, 9; 1281 [B1265, V870], v. 13; 1294 [B1277, V883]: vv. 2, 5, 7, 10; 1297 [B1280, V886, r3], vv. 2, 5, 7, 10; 1299 [B1828, V888, r5], vv. 2, 5, 7, 10; 1304 [B1288, V893], v. 11; 1314 [B1298, V802]⁴⁹, r, 11, 14, 17.

E aínda, á falta dunha procura máis sistemática de formas arcaizantes, tamén se pode apuntar algún outro caso de claro arcaísmo, sempre en cantigas de amigo, que continúa a marcar a decoración de que falamos, cal é o uso de *sedia* (cf. *sia*) na cantiga 735 [B720, V321], vv. 1, 4, a que se lle pode acrescentar dous casos dubidosos ou discutíbeis (<seria> BV) nas cantigas 848 (v. 1) e 1489 (v. 1)⁵⁰.

Resulta evidente para nós que os trobadores tiñan conciencia clara das variantes diatópicas e dos estratos cronolóxicos da lingua, e que os utilizaban como e cando desexaban ou precisaban (cf., por exemplo, a duplicidade *eno/no*) a modo de *ornatus* retórico ou como parte dos *colores retorici*. Neste sentido, nótese a cualificación de *antigo* aplicada a algúns proverbios (*vervos*), onde conviven formas arcaicas na altura coas formas contemporáneas, introducindo variacións no refrán: é isto o que acontece coa cantiga 1521 [B1502] de Joan Garcia de Guilhade, en que fronte ás *Castanhas eixidas, e velhas per souto* do refrán da primeira cobra, nos presenta outras *Castanhas saídas, e velhas per souto* nas seguintes estrofas.

A conclusión final, pois, é que, se as hipóteses que aquí defendemos son xustificadas, unha edición rigorosa das cantigas trobadorescas que conteñen estas voces antigas ou arcaicas debe mantelas para non ficar mutilada ou diminuída.

⁴⁹ Mais <as aves> nos vv. 8 e 13, talvez lapso de copia (*a [la]s aves?*).

⁵⁰ Vid. Álvarez Blanco, M.R. / Monteagudo, H., “¿Sedía-m’eu?, a propósito do incipit da cantiga de Meendiño”, en Couceiro Pérez, X. L. / Fontoira, L. (eds.): *Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas. Día das Letras Galegas*, Universidade de Santiago de Compostela, 1998, pp. 45-64.

Canto á forma *salido*, utilizada nas cantigas de Joan Zorro ((1170 [B1158, V760], v. 1: *salido* & *salido*) e Martín Codax (1297 [B1280, V886, N3], v. 2: *salido* & *salido* & \emptyset ; v. 7: *salido* & *saljdo* & *salido*), podería ser descendente do verbo SALLIRE ‘salgar’.

Bibliografía citada

- ÁLVAREZ BLANCO, M. R. / MONTEAGUDO, H., “¿Sedía.m’eu?, a propósito do incipit da cantiga de Meendiño”, en COUCEIRO PÉREZ, X. L. / FONTOIRA, L. (eds.): *Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas. Día das Letras Galegas*, Universidade de Santiago de Compostela, 1998, pp. 45-64.
- Cancioneiro da Ajuda*. Edición facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Távola Redonda, 1994.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.
- CARTER, H. H., *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da Edición Diplomática de Henry H. Carter. Introdução de Maria Ana Ramos, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2007.
- COHEN, R.: *500 Cantigas d’Amigo. Edición Crítica / Critical Edition*, Lisboa, Campo das Letras, 2003.
- FERREIRA, M. P.: *O Som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1986.
- FERREIRA, M. P.: *Cantus Coronatus. 7 cantigas d’El-Rei Dom Dinis*, Kassel, Reichenberger, 2005.
- FERREIRO, M.: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999 [1995, 1ª ed.].
- LAPA, M. Rodrigues: *Cantigas d’Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970, 2ª ed. revista e acrescentada.
- LAPA, M. Rodrigues, *Lições de literatura portuguesa. Época medieval*, Coimbra, Coimbra Editora, 1973, 8ª ed., revista e acrescentada.
- LAPA, M. Rodrigues: *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*, Universidade de Coimbra, 1982.
- LORENZO, R.: “Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués”, en KREMER, D. (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, Tübingen, Max Niemeyer, 1988, pp. 289-326.

- MAIA, C. de Azevedo: *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, INIC, 1986.
- MARIÑO PAZ, R., “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba*, 29 (2002), pp. 71-118.
- MONTERO SANTALLA, J. M.: *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. Tese de Doutoramento (inérita), Universidade da Coruña, 3 vols., 2000.
- PAREDES, J., *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*. Edición crítica, con introducción notas y glosario, Roma, Japadre Editore, 2001.
- RODRÍGUEZ, J. L.: “Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio”, *Boletim de Filologia*, Lisboa, 28 (1983), pp. 7-19.
- VASCONCELOS, C. Michaëlis de: *Cancioneiro da Ajuda*. Reimpressão da ed. de Halle (1904), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990.
- ZILLI, C. (ed.), *Johan Baveca. Poesie*, Bari, Adriatica Editrice, 1977.